

# O PROGRAMA ORIMAX: PROPOSTA DUNHA FERRAMENTA PARA A ANTROPOLOXÍA APLICADA.

Marcial Gondar Portasany

[10.17075/magaaas.2019.004]

XORNADA

## MULLERES E ANTROPOLOXÍA EN GALICIA. ANTROPOLOXÍA APLICADA NA ACCIÓN SOCIOCULTURAL

Consello da Cultura Galega  
Santiago de Compostela  
Mércores, 12 de xuño de 2019



## O PROGRAMA ORIMAX: PROPOSTA DUNHA FERRAMENTA PARA A ANTROPOLOXÍA APLICADA

Marcial Gondar Portasany

*O obxectivo desta intervención é presentarvos o nacemento e primeiros pasos dun programa deseñado para conseguir o cambio de actitudes en persoas e grupos cando os seus comportamentos non se consideran adecuados para quen pon en marcha o programa. Trátase, como vedes, de antropoloxía aplicada e esta disciplina é particularmente problemática polas dificultades de tipo ético que, como veremos, presenta. Por iso, antes de entrar a falar do programa como tal, permitíndeme facer algunhas reflexións de tipo epistemolóxico sobre a antropoloxía aplicada como disciplina.*

### ANTROPOLOXÍA APLICADA E ETNOCENTRISMO

Como é sabido, a diferenza fundamental entre a antropoloxía teórica e a antropoloxía aplicada é que mentres a primeira trata unicamente de interpretar a realidade, a antropoloxía aplicada tenta non só de entendela, senón ademais de transformala. Isto é, trata de conseguir que o comportamento social marche por camiños distintos dos que está a discorrer cando nos achegamos a el.

Como é obvio, isto quere dicir que a antropóloga ou antropólogo aplicado só van intervir cando eles ou a xente que solicitou a súa intervención consideren que as cousas se están a desenvolver por un camiño inadecuado.

Esta pretensión de incidir na realidade para transformala que caracteriza á antropoloxía aplicada provoca que esta presente, xa desde o primeiro momento, o problema de como se fundamenta ou, se preferides, se xustifica esa alteración que se pretende introducir na realidade social. Ímolo ver.

Cando alguén pretende transformar algo, faino sempre desde uns determinados intereses, valores ou crenzas que son os que dan lóxica á súa acción. Agora ben, cando esa transformación afecta a terceiras persoas que teñen intereses, valores ou crenzas

opostos aos nosos e non somos quen de poñernos de acordo, sáenos ao camiño o problema de saber se temos dereito a actuar ou non.

Non é o momento de abordar este complexísimo problema; o que si quero é sinalar que os humanos (todos as persoas, aquí e en calquera outra cultura) cando emitimos xuízos sobre algo que nos interesa tendemos espontaneamente a pensar que a nosa posición é a correcta e que as outras están equivocadas, e, polo tanto, non teñen razón.

O que simplemente é froito da posición que ocupamos, dos intereses que temos, das crenzas que compartimos etc., tendemos a obvioalo para pasar a consideralo como algo que calquera persoa que aspire a obrar loxicamente debера aceptar. Se vos decatades estou a falar do que en antropoloxía se coñece como etnocentrismo, esa actitude que nos leva a considerar que o que facemos ou pensamos debe ser considerado por calquera como modelo de comportamento correcto.

Estamos diante dunha idea fundamental no discurso que estou a facer e rogaríavos que a tiverades presente e unida a esta segunda consideración: o etnocentrismo non é ningún vicio do razoamento, algo no que, como moitas veces se di, «podemos caer». Non esquezades isto, o etnocentrismo é o modo natural e primario que temos de ver o mundo. Por iso historicamente foi tan difícil de aceptar que era a Terra a que xiraba arredor do sol. Como vai ser verdade se, aínda hoxe, calquera de vós pode ver cos seus propios ollos que o sol que pola mañanciña está nun sitio, á caída da tarde no contrario e ás 12 do día enriba das vosas cabezas?

Por que somos naturalmente etnocéntricos? Isto pasa porque a estrutura perceptiva dos humanos está configurada de tal xeito que nos fai percibir as cousas en función do punto de vista que temos ao miralas. Se vós me pedides que describa como son as persoas que hai nesta sala, eu describireivos de cara. Se lle pedimos que faga o mesmo a unha das persoas que está na fila do fondo, ela pintaravos a todas de costas e ao único que pintará de cara é a min.

Pero este punto de vista do que falo non só ven determinado polo espazo desde onde miramos, tamén cambia en función dos instrumentos (a tecnoloxía) que utilizamos para mirar. Se eu miro esta mesa desde onde falo só cos meus ollos, direi que é de madeira maciza. Si a mirase a través dun potente microscopio, os buratos ocuparían moito máis espazo que as partes sólidas.

Esta variación no resultado da mirada non só depende do espazo e a tecnoloxía, tamén se verá afectada polas nosas crenzas, intereses, posición social etc. Pensade nunha interrupción voluntaria do embarazo. O que para unha feminista é un dereito da muller, para, v. g., unha militante do Opus Dei é un crime execrable.

O mesmo pasa co grupo social ao que se pertence. A posición social afecta mesmo a algo aparentemente tan obxectivo como o que vemos cos nosos propios ollos. Hai un experimento que figura en todos os manuais de psicoloxía da percepción que consiste no seguinte: supoñamos dúas crianzas sen ningún problema de visión pero de clases sociais moi afastadas. Unha, *homeless*, a outra, filla de millonarios. Sentámolas en cadansúa súa mesa, dámoslle un folio en branco, amosámoslle unha moeda de 2 euros e pedímoslle que nola pinten no papel a tamaño o máis exacto posible. O que vai suceder é que a crianza esfarrapada vana pintar máis grande do que é mentres a rica vai facer exactamente o contrario. A razón é clara. O que para a pobre representa un mundo de posibilidades, para a rica non pasa de ser unha miudeza sen especial interese.

Sintetizando o que levamos visto, vemos que os puntos de vista dominantes nun determinado contexto social van configurando as formas de ver e valorar o mundo das persoas que conforman ese contexto.

A natureza dos seres humanos é unha mestura de bioloxía, psicoloxía e cultura. Agora ben, cómpre ter moi presente que o biolóxico, o psicolóxico e o cultural non son realidades separables; falando con máis exactitude habería que dicir que están en continua sinerxía, son caras do mesmo poliedro.

O resultado é que as condutas, valores, crenzas e representacións que nacen desta estrutura profunda do ser humano son moi difíciles de cambiar mesmo cando a lóxica nos está a dicir que nos equivocamos. Pensemos no que lles pasa a fumadoras e fumadores co tabaco: coa razón ven claramente que deberían deixalo pero case sempre triunfa esa pulsión emocional que leva a facer o contrario.

Resumindo o que até este momento estou intentando dicir, cando falamos de etnocentrismo (e non esquezamos que o machismo, as condutas submisas das mulleres e as distintas formas do supremacismo son tipos de etnocentrismo), non debemos pensar que abonda con utilizar a razón para superalo se non facemos entrar en xogo as

emocións, isto é, esa estrutura profunda do ser humano da que estiven a falar, a nosa batalla estará condenada ao fracaso.

## PRIMEIROS PASOS DO PROGRAMA ORIMAX

O programa ORIMAX, que é o tema desta texto, é a ferramenta que vos propoño para loitar contra as distintas posicións etnocéntricas. Permítaseme dicilo con máis precisión: o programa amosa os seus mellores resultados cando, como a antropoloxía aplicada intenta, queremos cambiar unhas determinadas actitudes sociais, sobre todo cando están moi arraigadas, e debemos chegar a esas estruturas profundas das que acabo de falar.

Comezarei contándovos como foi nacendo a idea do programa. O que terminou sendo ORIMAX xurdiu, vai xa para vinte anos, como unha experiencia piloto dentro dun equipo interdisciplinar de saúde mental do SERGAS onde había un antropólogo aplicado que desenvolvía o seu traballo sanitario nun concello urbano de Galiza do que dependía tamén un concello rural.

A primeira idea do antropólogo comezou ao observar que os e as pacientes dese concello rural tiñan que se desprazar a un centro de Santiago (nos centros de saúde dos concellos rurais non hai psiquiatras) cando tiñan que facer demandas desa especialidade. O primeiro que observamos foi que tales pacientes estaban nunha situación parecida á de emigrantes. Tiñan que solucionar o seu problema nun mundo onde a maioría das claves lles eran descoñecidas. Eran emigrantes da sanidade. Recordo unha mañá na que unha vella aldeá andaba desesperada polos corredores do centro de saúde preguntando a aquí e aló onde estaba o despacho do doutor «Torrino».

A solución foi calcular o tempo medio semanal que os e as pacientes deste concello ocupaban na carga laboral do equipo de psiquiatría. Estaban enchendo o equivalente a dúas xornadas de traballo. O paso seguinte foi xestionar co SERGAS o permiso para que neses dous días o equipo de psiquiatría puidera desprazarse ao concello en cuestión.

Este cambio permitiunos ir vendo que o que antes era un grupo heteroxéneo no que se mesturaban xente do rural e xente dun contorno urbano, agora xa, visualmente, aparecía compartindo unha mesma identidade cultural, o que para nada quere dicir que non houbera diferenzas dentro deste colectivo e, o que é máis importante, cando viñan á consulta parecían sentirse en terreo propio. De feito, alí sabían os nomes dos médicos, da psicóloga, das enfermeiras etc.

## **Cambio social na aldea e pacientes diana**

Desde a perspectiva da demanda, podemos agrupar pacientes en función de dúas variables: a idade e o sexo. Atendendo ao punto de vista dos problemas formulados, o grupo de idade máis problemático era o das persoas maiores, especialmente os homes, e nun segundo plano a xuventude. Tamén neste caso particularmente rapaces.

Polo que respecta ao sexo, as mulleres relativamente novas, especialmente aquelas que tiñan pasado pola emigración, eran as que facían unha demanda máis específica no campo da saúde mental.

Vou centrarme no segmento dos vellos porque foi neste campo onde xurdiu o programa ORIMAX. Como é sabido, a emigración europea (arredor da década dos 60) trouxo consigo no rural un paulatino esfarelamento da cultura tradicional galega. Os vellos (sigo a referirme aos homes) pasaron de ocupar o lugar preponderante da estrutura social e cultural a ser situados nunha posición absolutamente marxinalizada.

Nos vellos tempos, o vello, o patrucio, era o rei da casa, os fillos e fillas estaban ás súas ordes e el era o *padre e padrone* da unidade familiar. Xogando coa promesa da «mellora» mantiña a autoridade sobre a descendencia, porque en caso de non ser quen de recibila víanse na obriga de ter que abandonar a casa ou o que é o mesmo, tiñan que buscar a vida e o traballo fóra, o que para nada era fácil.

Desde que comeza a emigración europea e a industrialización vai adquirindo forza as cousas cambian. Quedar na casa paterna mesmo sendo o mellorado ou mellorada pasa de ser un premio a ser unha condena que impide progresar. Neste momento o vello percibe que todo o seu mundo se lle vén abaixo, as estratexias coas que antes gobernaba agora non serven para nada. O que antes era o rei da casa pasa a ser percibido como un estorbo e un insoportable rosmón e, o que é peor, con frecuencia vanllo facer notar.

Coa aparición da emigración europea e os cambios na industrialización non só saltaron polos aires as estratexias de control dos vellos patrucios, chega tamén paulatinamente ao mundo rural unha nova cosmovisión, isto é, unha nova forma de ver o mundo con valores, crenzas e prácticas que en gran medida son contrarias e, cando non, moi distintas ás que dominaban no mundo campesiño de antes. Comézase así a producir unha profunda escisión no mundo non urbano na que os vellos non só perden o poder

senón que o seu mundo, a súa forma de ver e vivir a vida, pasa a ser considerada pola súa descendencia como atrasada, pasada de moda e baleira de sentido para enfrontarse á modernidade que empeza a arrasar por todas partes.

Non se precisa unha profunda reflexión para caer na conta de que isto vai ter consecuencias psicolóxicas serias para a saúde mental das persoas maiores e de forma moi particular para os homes. Estes non só perderon a súa posición de privilexio senón que ese cuestionamento radical do que foi a súa cultura que trae consigo a modernidade crea neles un profundo sentido de inseguridade, frustración e abandono.

Unha historia que aconteceu ao pouco de chegar o equipo alí amosa ese profundo temor ao desamparo. Tratábase dun señor maior que vivía só e con certa frecuencia facía uns fortes episodios de dispnea (problemas serios coa respiración) que obrigaban a trasladalo a Santiago en ambulancia. Alí non daban con ningunha causa que xustificase tales afogos. Pasou así bastante tempo até que, case por casualidade, descubrimos a raíz do problema. O vello tiña unha filla que vivía na Coruña e cada último domingo de mes viña velo. Cando por calquera causa non viña e non o avisaba, aparecían eses tremendos afogos. É o que se chama unha somatización. Un problema puramente psíquico transfórmase en físico. Parece coma se o corpo fixese esta reflexión: se me queixo de abandono van dicir que son raro, se me queixo de algo físico terán que recoñecer que estou enfermo. Por iso as somatizacións son tan frecuentes nas persoas maiores.

Neste contexto de conflito de mentalidades ten que desenvolverse a vida concreta das persoas. Para a xente nova os maiores son pouco menos que trastes vellos que non só non entenden as claves deste novo mundo, senón, o que é peor, que están actuando de rémoras que impiden ou, cando menos, dificultan a modernización. Para os maiores a xuventude é xente atoleirada correndo camiño do desastre e, sobre todo, radicalmente inxusta. Mentres as vellas xeracións coidaron e respectaron os seus maiores sempre que foi necesario, senten que a súa descendencia estalles a pagar con moeda ben distinta até, de ser o caso, chegar a expulsalos do seu medio e internalos en residencias.

Dentro desta dinámica de enfrontamento quero fixarme nun particular sector de idade: o infantil-xuvenil. A razón é que ocupaba un importante lugar se atendemos á gravidade das demandas que facían á Unidade de saúde mental (elevada taxa de suicidios e intentos de suicidio, consumo de estupefacientes, conflitividade familiar etc.).

Como é de sentido común, nunha sociedade ben ordenada é a xente maior a encargada de lle legar ás novas xeracións as destrezas que lles permitirán entender e actuar no mundo en que viven. Agora ben, nos momentos de cambio social acelerado, como pasou na sociedade galega non urbana, é a xente nova a que integra con máis velocidade os cambios dado que para a de maior idade as innovacións van chocar coas pautas de conduta nas que durante tanto tempo se estiveron a socializar.

Esta distinta velocidade de comprensión e aceptación dos novos estilos fai que a rapazada, que tiña que ser ensinada, sexa a primeira en entendelos mentres que quen teoricamente tiñan a obriga de ensinar as pautas fiquen na perplexidade, na incompreensión e no rexeitamento aos novos modelos. Netos, netas e avós, que tradicionalmente mantiñan unha relación de forte carga afectiva positiva, vense ante un forte enfrontamento de mentalidades de características moi semellantes pero con consecuencias psicolóxicas moito máis graves. Para os avós implica verse expulsados dos afectos de netas e netos e para estas e estes quedar sen a comprensión dos seus defensores fronte a pais e nais a unha idade na que os vínculos afectivos e de seguridade aínda se están a consolidar. As consecuencias de todos estes traumas enchían unha boa parte das demandas coas que cada día de traballo tiña que enfrontarse a Unidade.

O fondo de boa parte dos problemas que estes dous segmentos de idade presentaban radicaba en que a xente nova e a vella vivían de costas. Era un caso máis de etnocentrismo no que cada grupo miraba o seu embigo sen pararse a considerar as razóns da posición dos outros. A solución en teoría era fácil para o equipo sanitario. Tratábase de que os pacientes aceptasen que a razón, o mesmo que a non razón, non estaba nun só lado senón nos dous. Os vellos sabían unhas cousas pero mozas e mozos sabían outras. No canto de se descualificaren mutuamente, a solución pasaba por integrar as verdades dos dous lados e desbotar os equívocos tamén en ambas as partes.

O problema radica en que cando se trata de conflitos emocionais, as razóns aínda cando se entenden e aceptan (cousa xa nada fácil), non levan á acción. Como dirían os lingüistas, non son performativas. Pasa como cando quen fuma sabe que o tabaco lle fai mal pero non por iso é quen de deixalo. Só se se é capaz de estimular emocións que fortalezan a posición alternativa existen posibilidades de éxito. O problema que tiñamos na unidade foi descubrir como se consegue iso.



No equipo tiñamos desde tempo atrás dúas regras de ouro. Unha era que «os médicos non deben ser fontaneiros porque os enfermos non son tuberías». Quere dicir que polo feito de que unha persoa estea enferma non por iso non teme, fantasía, ama, desexa e participa das demais emocións que caracterizan o ser humano. Curar non é só preocuparse dos desamaños bioquímicos senón atender tamén ás demais dimensións da personalidade. Dito de forma concisa, non só os fármacos curan.

A segunda regra trataba de paliar o máis posible esa angustia que polo xeral nos embarga cando entramos como pacientes en ambientes hospitalarios. Ese «efecto bata branca» que tan ben coñecen pacientes de hipertensión e que lles leva a aumentar a medida do tensiómetro en tres ou catro puntos cando o persoal sanitario lles está tomando a presión arterial. A regra di máis ou menos así: «sempre que sexa posible, as terapias deben desenvolverse en ambientes que non recorden ao sanitario».

### **O programa sae fóra do centro de saúde**

O programa ORIMAX nace coa pretensión de cumprir estas dúas regras. O camiño foi como segue. O xefe da Unidade de saúde mental e mais o antropólogo entraron en contacto coa dirección dun colexio integrado radicado no concello onde traballabamos para explicarlles o noso propósito terapéutico coa condición de que esta motivación última non debía ser compartida con ninguén do centro que participase na experiencia. De feito, a partir deste momento o único que tivo relación co centro foi o antropólogo. Esta reunión tivo lugar nas vésperas do comezo do curso académico para que puidese integrarse na programación do ano.

A experiencia realizaríase con alumnado de 3ª e 4ª de ESO, isto é, de 14 e 15 anos. De acordo coa dirección do centro convocouse unha xuntanza co profesorado destes dous cursos. Sen facer ningunha referencia ao aspecto sanitario, presentouse o proxecto como unha experiencia educativa interdisciplinaria na que o alumnado profundaría no coñecemento da contorna social ao tempo que se adquirirían destrezas no campo do audiovisual. A invitación que se lle transmitiría despois a alumnos e alumnas destes dous cursos sería que, quen libremente decidisen apuntarse, formarían un grupo que tería como obxectivo facer unha película sobre o seu concello no que se comparase o modo de vivir, traballar e divertirse nos tempos mozos dos seus avós e avoas cos de hoxe en día.

A película sería totalmente do alumnado. De feito nos títulos de crédito só figurarían os nomes das distintas persoas do municipio que participasen na experiencia. Ademais disto ofrecíase todo o apoio, tanto técnico como humano, que fose preciso para levar a cabo a experiencia, incluídos os talleres de formación.

O profesorado que quixo participar no proxecto da película (foi a maioría), comprometéronse coa tarefa de atopar aqueles aspectos que puidesen integrarse na programación da súa materia así como a buscar puntos de encontro entre as distintas disciplinas. Foi este un dos obxectivos que máis gustou porque representaba unha aposta pola transdisciplinariedade e ir superando así esa visión atomizada das materias que está a impedir ao alumnado unha visión globalizada do saber.

Cando comezou o curso fíxose a presentación do proxecto ao alumnado. Comezou cunha charla dun director de cine que levaba por título «Ti tamén podes facer unha película». Dividiu a charla, moi ilustrada con exemplos, en dúas partes. A primeira iría desde a idea para desenvolver até o seu guionado e a segunda estaba destinada ás técnicas de filmación, localización, iluminación, manexo da cámara, dirección, montaxe etc., seguida dunha rolda de preguntas por parte das persoas participantes.

Ao día seguinte fíxose a presentación do proxecto propiamente tal: a película da que xa falei. Díxoselles que habería talleres de formación ao longo do curso a cargo de distintos profesionais onde poderían aprender, non só en teoría, senón tamén na práctica, as distintas técnicas e funcións das que se lles falara o día anterior. Insistíuselles en que a experiencia era totalmente voluntaria e en que os únicos nomes que aparecerían na película eran os do alumnado e os da veciñanza do concello que aparecesen nela. O profesorado que participaba, para darlle maior protagonismo á rapazada, decidiran previamente (foi unha decisión totalmente súa) renunciar a figurar co seu nome.

#### *O taller de manexo de cámara*

A idea foi moi ben acollida polo alumnado. Entre os dous cursos apuntáronse sobre trinta persoas, das que ao final daquel curso «sobreviviron» vinte e dúas. O primeiro taller que se fixo foi o de *manexo de cámara*. Comezouse por este porque a cámara era o que máis atraía o alumnado de modo que actuaba como un catalizador emocional e, en segundo lugar, porque era indispensable para a gravación das historias das e dos

maiores. De feito, para que fosen collendo soltura nas entrevistas, as primeiras prácticas coa cámara fixéronas xa falando coa xente maior e despois corríxíanse no taller tanto a filmación como a forma de levar a cabo a conversa.

### *O taller de documentación*

O segundo taller (funcionaba simultaneamente co anterior) foi o de *documentación*. Dado que o obxectivo da película era comparar a vida actual do concello coa dos vellos tempos (para entendernos, a que se facía cando os seus avós e avoas tiñan a súa idade), o primeiro que se fixo foi facer unha pescuda pola vida das persoas máis maiores buscando información de como eran nos seus tempos mozos, os traballos, o lecer, as relacións dentro da familia e coa veciñanza, o mundo das crenzas etc. Como se ve, estaban traballando como etnógrafos e etnógrafas que están a encher os primeiros cadernos de campo co fin de alcanzar unha primeira visión de conxunto.

Ademais da abundante información conseguida, o que verdadeiramente interesaba ao equipo de saúde mental que estaba detrás do experimento foi o cambio nas dinámicas emocionais entre a xente nova e vella que a experiencia estaba a propiciar. A forte ilusión por facer a película foi o primeiro pulo emocional que lles callou, pero xunto a este xurdía a primeira dificultade: elas e eles, con tanta habelencia cando se trataba de entender a modernidade, enfrontábanse a un obxectivo do que descoñecían practicamente todo. Se querían facer a película dependían totalmente do que a xente vella lles quixesen contar. Quen até ese momento viñan considerando como elementos marxinais do seu mundo, pasaban a ser indispensables se querían conseguir realizar a súa ilusión. Só deixando de pasar dos e das maiores (a súa conduta ordinaria até ese momento) e facéndolles as beiras poderían acadar o seu obxectivo.

En canto ás persoas de idade, a situación tamén se inverteu. Tendo o costume de se veren deixadas de lado e non ser tidas en conta, pasan a se converter no santo milagreiro ao que novos e novas acoden en romaría. Para fortalecer esta nova situación deuse un paso máis. Ao principio da experiencia a rapazada escollían os seus avós e avoas para facer as entrevistas filmadas; nun segundo momento para aumentar o volume de información tiveron que buscar outros informantes para a entrevista, e aínda tivo lugar unha terceira fase na que grupos de cinco ou seis vellos e vellas son convidados ao taller co fin de facer entrevistas en grupo. O resultado desta terceira fase foi especialmente bo porque as respostas estimulaban a memoria e se ían engadindo datos novos.

O que comezou sendo unha aventura dun fato de rapaces e rapazas do colexio foi pouco a pouco converténdose en algo no que toda a comunidade participaba e terminou sentindo como propio. As persoas que primeiro se sentiron donas foron, por sabido, os mozos e as mozas que levaban o peso do traballo, pero rapidamente os avós, as avoas e a xente maior en xeral decatáronse (sobre todo despois da participación en grupo no taller de documentación) de que o seu era bastante máis ca unha colaboración marxinal. O mundo que se trataba de plasmar era o seu antes de que todo cambiase, eran cronistas con maior coñecemento, e en moitos casos, as e os únicos. Eran sobre todo, como dixo un nunha das sesións colectivas dun dos talleres de documentación: «A película, se se fai ben, é a única posibilidade de que vexades os novos como era un mundo no que todos tiraban á xunta da corda e non, como agora, cada un para o seu lado».

A xente maior sentía a película como súa porque comezaban a vela como unha arma coa que defenderse da marxinação que estaban a padecer. A proba foi conseguir, fronte ás descualificacións de antes, esa posición de privilexio e protagonismo que agora ocupaban.

Cando xa se tiña acumulado un bo feixe de material etnográfico e coa finalidade de ir dando ferramentas para a elaboración do guión, considerouse chegado o momento de que aprendesen a interpretar o material que tiñan recollido. Por usar o argot antropolóxico, tiñan que aprender a pasar da etnografía á etnoloxía propiamente tal. Para dar destrezas neste tipo de aprendizaxe púxose a andar o terceiro dos talleres que, para visualizar a integración do proxecto na programación do centro, recibiu o rótulo de *Taller de crítica literaria*.

#### *O taller de crítica literaria*

Era o máis complicado xa que aquí non se trataba xa de acumular información nin de aprender unha técnica senón de buscar o sentido máis ou menos oculto que está por debaixo dun texto ou dunha conduta. Dada a importancia que para o equipo de saúde mental tiña este taller, foi o único do que o antropólogo do equipo reservou a dirección malia que deu participación a outros formadores.

Neste campo da pregunta polo sentido, as regras, como é sabido, son escasas e case todo depende da intuición. De feito, esta parte da actividade antropolóxica funciona máis como unha arte que como unha técnica. Se a isto lle engadimos que estamos no terreo

da antropoloxía aplicada e non da teórica, isto significa que non nos podemos quedar na interpretación, na procura de sentido etc., senón que cando este sentido non é consistente co campo ao que queremos aplicalo teremos que reinterpretar, resignificar, remodelar etc. o obxecto en cuestión.

Vou expor un par de exemplos de temas traballados no taller como mostra do que alí se facía. O primeiro está sacado do material recollido sobre formas de divertimento na nenez e na primeira xuventude e concretamente do apartado dedicado a xogos e xoguetes no tempo en que a xente maior era pequena.

A cada participante no taller déuselle un *dossier* no que se recollía toda a información, da que até o momento se dispuña, referida a como eran os tales xogos, cales eran as regras e como se conseguían os xoguetes. Amais de repasar esa información, cada participante debía facer, seguindo o mesmo esquema, unha síntese de como eran os xogos e xoguetes cos que xogara ou xogaba.

Unha vez feito este traballo, había unha sesión conxunta das persoas membros do taller na que primeiro individualmente por escrito e despois, de forma colectiva a modo de posta en común, debían contestar a esta pregunta: Que diferenzas de fondo ves entre os xogos e xoguetes de hoxe e os do tempo dos vosos avós? Despois dun intenso intercambio de pareceres chegouse a un consenso sobre o que a eles e elas lles parecía a principal diferenza no que respecta ao mundo do xogo entre hoxe e onte. «Antes os xogos eran case todos en grupo, hoxe en día cadaquén xoga só para si» foi a proposta ganadora. A respecto dos xoguetes, a diferenza que tivo máis votos foi estoutra: «antes os xoguetes tíñanos que facer eles, hoxe veñen xa feitos» (no medio desta reflexión un dos alumnos apostilou para reforzar a posición: «de feito, o único que che queda é desfacelos»).

Como a intención última coa que se puxera a andar o proxecto era transformar a realidade e non contentarnos con constatar e entender o que había, unha vez que os e as participantes no taller se puxeron de acordo no que lles parecía a diferenza máis importante, o paso seguinte foi chegar a unha posición de consenso sobre cal das dúas posicións (a dos maiores ou a xente nova) lles parecía que tiña máis vantaxes. A conclusión foi que a idea de xogar en grupo e non cadaquén para si, como boa parte dos xogos modernos, así como a de elaborar os seus xoguetes fronte ao puro consumismo;

isto é, a forma que tiñan de xogar e divertirse as e os vellos, pareceulles moito máis atraente e sobre todo creativa do que a que tiñan asumido até o de agora.

Neste momento da exposición, compre reparar en dous feitos. O primeiro, na ruptura da actitude etnocéntrica por parte dos rapaces e rapazas que, como sinaliei ao comezo, é un dos atrancos fundamentais na interacción social entre grupos enfrontados. O segundo, que falando con propiedade é máis ben un corolario da anterior, foi ese comezar a rachar coa actitude depreciativa cara ao mundo da xente maior ou, se preferimos dicilo noutras palabras, comezar a dialogar entre dous mundos que até o de agora vivían de costas.

Como fortalecer esta dinámica era tan vital desde o punto de vista da saúde mental, o antropólogo, como director do taller, propúxolles considerar a seguinte idea en relación co que acababan de escoller. Xa que non se trataba de que os mozos e mozas de hoxe, facendo un salto ao pasado, volvesen xogar á billarda, ¿por que non inventaban novos xogos e xoguetes ao seu gusto pero que reunisen esas dúas condicións que acababan de loar no caso dos maiores? Que fosen para xogar en grupo e que os xoguetes, cando os houber, fosen fabricados por quen ía xogar con eles.

A idea pareceu atractiva e formáronse grupos de voluntariado para levala á práctica e onde cada grupo facía unha proposta. Convocáronse até seis premios (todos da mesma cantidade) e unha vez escollidas as seis mellores propostas presentadas, fóronse probando nas actividades deportivas do colexio. Ao cabo dun tempo nunha festa pública do centro, da que xa falarei, e onde se presentaba á comunidade parte da Experiencia ORIMAX (unicamente baixo o seu perfil de ferramenta didáctica), amosóuselle tamén á xente unha mostra da creatividade lúdica da súa rapazada xunto con exemplos daqueles vellos xogos, boa parte deles xa descoñecidos pola xente nova.

O segundo exemplo que quero traer a colación para ilustrar como se traballaba neste taller refírese a como se analizaban esa parte das narrativas que podemos denominar *literatura oral*, da que tiñan os rapaces e rapazas unha nada depreciabile mostra. Estoume a referir a refráns, cantigas, regueifas, contos, lendas, mitos etc.

A importancia que se lle atribuíu ao feito de que soubesen analizar este mundo dos relatos e as narrativas viña dado porque, fronte ao que tendemos espontaneamente a pensar, non estamos unicamente no ámbito do entretemento e a diversión senón que,

baixo este disface de intranscendencia, acóchase un auténtico aparato de propaganda con que a sociedade dos tempos mozos dos seus avós e avoas socializaba e inculturaba ao seu conxunto de membros nos valores e condutas que consideraban de interese. Tan é isto así que moitas das técnicas do actual márketing están sacadas do que facían estas sociedades supostamente «atrasadas».

Entender isto, pasa por descubrir como lograr que os seres humanos cambiemos de actitude. Pensemos, v. g., nun médico que quere convencer o seu paciente fumador que abandone o seu mal hábito. O que con toda seguridade vai facer é un moi documentado discurso sobre os efectos negativos do tabaco no noso corpo e as consecuencias que de fumar acontecen.

Sigamos supondo que tan contundente foi o parlamento do médico sobre o paciente que este, para tratar de serenarse un pouco da intranquilidade que lle metera no corpo, decide sentarse na terraza do bar que hai fronte ao ambulatorio para tomar un café. É bastante probable que, case como un acto reflexo, o individuo bote man ao peto, busque o paquete de tabaco e se poña a fumar ao tempo que segue co seu café. Como pode apreciarse, o médico non tivo moito éxito práctico co seu erudito e longo discurso, agás a impresión inicial.

Estando así na terraza do bar co cigarro na boca e o café na cunca, venlle á cabeza a urxencia de que esa mesma tarde ten que ir mercar determinadas cousas que precisa ao Corte Inglés. E até decide facer, cousa non moi frecuente, unha lista con aqueles obxectos que lle son tan necesarios. Imos imaxinar que na súa lista ían tres produtos. Pódovos garantir, porque aí están os estudos de márketing para confirmalo, que, se o noso home se comporta como a maioría dos mortais deste chamado primeiro mundo, esa tarde, do Corte Inglés, non vai saír con menos que con nove cousas.

A pregunta que agora imos facernos é: por que o médico non conseguiu convencelo de algo que tan ben lle viría e, en cambio, o Corte Inglés foi quen de venderlle o que para nada precisaba? A resposta está en que o médico, para persuadilo de que aceptar a súa posición era o mellor para el, utilizou a *razón*, mentres que o Corte Inglés, para atraelo a onde á empresa lle interesaba, botou man da *seducción*. O Corte Inglés sabe, e coma el, calquera que coñeza os rudimentos do márketing, que os humanos (agás cando nos movemos nos niveis máis superficiais da personalidade) non cambiamos as condutas tanto pola vía dos argumentos como pola das emocións. O médico, en troques, está

convencido de que dándonos razóns de por que non debemos facer unhas cousas e si facer outras, unha vez que o destinatario dos seus argumentos entenda os motivos, vai cambiar de actitude adoptando a postura «razoable».

En moitos ámbitos da vida humana a racionalidade non é máis que unha ilusión. O que prima é a emoción, aínda que moitas veces disfrazada coa máscara do racional, porque o que si hai na nosa cultura de hoxe é unha necesidade moi forte de parecer racional ante un mesmo e ante os demais. A fábula da raposa de Esopo que, cando ve que non pode alcanzar as uvas, abandona a parra comentando «están verdes» repítese en mil escenarios da nosa vida. Hai unha graza que salta con frecuencia nas conversas distendidas entre psiquiatras: entra na consulta un paciente que está continuamente chascando os dedos.

—Por que chasca os dedos? (Pregúntalle o clínico)

—Para espantar os leóns. (Responde)

—Pero se aquí non hai leóns

—Ve como funciona!!

É moi difícil subtraerse á conspiración das emocións. Cando estas imponen a súa hexemonía no psiquismo humano, é difícil que a razón consiga manter o control. De nada serve, por exemplo, que na terraza dun rañaceos se lle diga a quen ten vertixe ás alturas que pode mirar tranquilamente cara abaixo porque hai varandas protectoras moi resistentes. De nada serve se ha de cruzar un precipicio, que se lle faga ver que o taboleiro é moi ancho. Se o taboleiro estivese colocado sobre o chan, aínda que fose moito máis estreito, cruzaría sen dificultade o precipicio. Os argumentos racionais nada poden cando o que temos que xestionar é unha pulsión emotiva intensa. Seguimos a crer, como os gregos de antes, que para cambiar a forma de comportarnos debemos mudar de forma de pensar e isto non é así; a xente non actúa en función de criterios racionais nin sequera en función dos seus propios intereses. E isto sábeo moi ben o Corte Inglés, por iso se comporta como se comporta.

Contamos xa co marco teórico fundamental para entender por que o obxectivo fundamental deste taller era que as persoas participantes aprendesen a coñecer o funcionamento destas técnicas da sedución. Para que? Podedes estar preguntándovos. O coñecemento das técnicas de como seducir e xestionar as emocións, no que tan expertas



eran as culturas tradicionais e hoxe o márketing e a publicidade, poden ser utilizadas como arma de defensa e como arma de ataque.

Vivimos nun mundo no que vender é o valor supremo, aínda que para iso haxa que enganar a potencial clientela. Que outra cousa son as campañas publicitarias? Se nós coñecemos as técnicas coas que nos están facendo ver do branco, negro, estamos na mesma posición de superioridade que o espectador que coñece o truco cando o mago saca o coello da chistera. Neste sentido digo que coñecer como funcionan as técnicas da sedución é unha arma de defensa.

Pero este coñecemento é tamén unha arma de ataque no sentido de que nos dá unha ferramenta moi potente para conseguir cambiar as condutas e mesmo, o sistema de valores de quen está ao noso redor. É posible que, chegados aquí, alguén se estea preguntando, é isto correcto? A resposta non é fácil; con todo, podemos facer algunhas precisións.

A primeira é que as técnicas de sedución son ferramentas e, como todas as ferramentas, non son boas nin malas, depende da finalidade para a que se usen.

A segunda precisión ten que ver coa dialéctica razón-emocións na estrutura dos seres humanos. Veño insistindo en que é o subsistema emocional o que ten capacidade performativa, isto é, o que nos leva á acción, e non o sistema racional. Isto non quere dicir que a razón non poida xogar ningunha función nas condutas dos humanos. A fonte principal de loxicidade das decisións humanas sitúase no subsistema racional. Agora ben, para que esa carga de racionalidade pase á acción, teremos que descubrir un equivalente funcional no subsistema emocional.

Por ilustralo co caso de ORIMAX do que estamos a falar: cando comentaba os problemas principais cos que se atopou o equipo de saúde mental cando comezou a traballar no concello rural, vimos que un deles era a situación dos vellos que tiveran que pasar de ser os patróns a verse convertidos practicamente en marxinais até o punto de vivir, como quen dí, de costas ao resto da sociedade e como esta situación psicolóxica, a través das somatizacións, influía en boa parte das súas doenzas.

Como antes dixen, a solución lóxica é fácil; trataríase de explicarlle a situación tanto á rapazada como a pais e nais co fin de que cambiasen a súa actitude cos seus maiores. O problema está en que, inda que o entenderan e aceptaran, como pasa co fumador

empedernido, nunca ía traducirse nun cambio de comportamento. Só se somos quen de buscar unha estratexia que estimule emocionalmente neste sentido (o que chamei «equivalente funcional»), estaremos no camiño de ter éxito.

Se recapitulamos o dito até aquí sobre ORIMAX, poderemos decatarnos que todo está pensado para activar equivalentes funcionais emotivos: a ilusión de facer a película, a necesidade de ter que acudir aos maiores para realizala, a fantasía de poder utilizar unha cámara e saber como facelo etc. Todo o que rodeaba á película actuaba como equivalente funcional do que o equipo de saúde mental realmente pretendía.

Quero facer un alto no camiño para introducir a seguinte reflexión. Por moi loable que fose a intención do equipo de saúde mental cando puxo a andar o proxecto, non é menos certo que estabamos manipulando a todas aquelas persoas. Por dicilo con claridade, estabamos actuando como calquera empresa comercial que xoga coas emocións da posible clientela. Pero non só nós, senón todo proxecto de antropoloxía aplicada, e isto cómpre non perdelo de vista, está manipulando, ademais da realidade na que actúa, algo máis grave, as persoas sobre as que actúa. Igual que non se pode facer unha tortilla sen romper os ovos, tampouco se pode facer antropoloxía aplicada sen manipular. Ao que máis se pode chegar é a ser maximamente consciente desta manipulación (se preferides, desta forma de etnocentrismo) e tratar de compensala da mellor maneira posible.

Unha das formas de compensación foi o propio taller de crítica literaria no que, dito cruamente, se poñían ao descuberto como manipulaban os outros, se ben é verdade que se lles ocultaba que nós tamén o estabamos a facer. Vou poñer un exemplo tirado desa literatura oral popular que a primeira vista se esgota na intranscendencia e no divertimento e cando se sabe mirar ao fondo, resulta moito máis eficaz que un razoamento solidamente articulado.

Cando, fai un momento, falei do médico que pretendía que o seu paciente abandonase o tabaco, vimos que o que facía era elaborar todo un «discurso» no que a través dunha cadea de «razoamentos», ou de argumentos, tentaba convencer o paciente do equivocado da súa posición. *A vía da sedución* para conseguir o mesmo para nada vai acudir á argumentación senón que o que fai é contarnos unha historia, un relato, no que o importante non é a cadea causal senón as emocións que suxire en quen escoita.

No folclore popular galego hai un conto, bastante coñecido, que pode valernos para entender o que tento dicir:

Había unha muller que era moi teimosa, e chamáballe ao home Matapiollos. O home, naturalmente, non gustaba do nome e dicíalle: —Muller, non me chames así! Mais ela teimaba. Un día o home decidiu botala ao pozo da casa, mais ela, en tanto que ía polo pozo embaixo, veña a dicir: —Matapiollos, Matapiollos, Matapiollos! Cando só tiña a cabeza fóra da auga, ela aínda: —Matapiollos, Matapiollos, Matapiollos! Foi máis para o fondo e, cando xa lle chegaba a auga á boca e non podía falar, levantou os brazos e, só con eles de fóra, facía o xesto de quen mata piollos.

Por debaixo da broma e da troula que acompaña a este tipo de aconteceres, as narracións desta tipo teñen unha tripla virtualidade: didáctica, internalizadora-identificadora, e expresiva-proxectiva.

Nun nivel didáctico, o conto, construíndo unha imaxe esaxerada de muller, funciona como antimodelo educativo de como non deben ser as mulleres normais. As persoas consumidoras desta mensaxe, e estamos xa no plano da internalización-identificación, son dúas. Por un lado os homes, que contan así cunha forma cultural obxectivada, por dicilo en termos xurídicos, cunha norma sancionada pola cultura, de como lle convén que sexan as mulleres, a saber, submisas e non respondonas nin críticas, pero, por outro lado, as mulleres, como se se tratase dun manual de urbanidade, aprenden a ser recatadas e caladas.

Nun nivel expresivo-proxectivo, e aquí podemos ver como os contos, en última instancia, serven para falar de nós, a narración cumpre tamén unha dobre función. Dar unha arma aos homes con que atacar ás mulleres. Á máis mínima insistencia da muller en levarlle a contraria ao home, este poderá atacar simplemente con contar o conto, ben á interesada en particular, ben utilizando un contexto público para avergonzala.

Pero, simultaneamente, a historia cumpre a función de xerar na muller un complexo de culpa. A pouco que nos fixemos, caeremos na conta de que a narración constrúe un estereotipo de muller que é imposible que exista na realidade. Quere isto dicir que, cada vez que se aplica a unha muller concreta ou ás mulleres como colectivo, estase a deformar a realidade; estase a extrapolar ás mulleres reais unha imaxe irreal, é dicir, estáselles forzando a asumir, como no caso do estereotipo da «muller neurótica» e tantos outros, unha identidade que para nada corresponde co que ela realmente é pero

que, a forza de insistencia, ela vai asumindo como real. O proceso socializador converteu a caricatura en fotografía pero, nese mesmo acto, a muller, en vez de asumir esta imaxe como caricatura imposta polos homes, vívea como se fose froito da súa propia culpa.

Por outra banda, a imaxe que do home se dá no conto, está tamén maquillada pero, esta vez, no seu propio beneficio. Véxase, se non, como o home que nos pinta a historia responde con toda paciencia («—Muller, non me chames así.») e só ao final, como dando a entender que aquilo non hai ser humano que o ature, decide tirala ao pozo.

En conclusión, non son só os contos de animais os que, no fondo, están a falar das persoas; toda a literatura oral, en xeral, non é máis que o espello no que os seres humanos, como Narciso, nos pensamos a nós mesmos.

Unha vez superada esta fase hermenéutica na que se trataba de descubrir o sentido profundo do relato, isto é, a función política que socialmente cumpría, no noso caso a reprodución da cultura androcéntrica da sociedade na que o conto está instalado, as e os participantes do taller pasaban ao que podemos chamar a fase ética. Nela tratábase de que quen participaba emitise un xuízo ético dos valores sobre os que o conto estaba construído e tratase de chegar a un acordo se estas valoracións eran dispares.

#### *O taller de escritura*

Foi o cuarto taller. A súa función primeira era a preparación para algo fundamental na película: a redacción do guión. Asemade, cumpría outra función particularmente necesaria no mundo da mocidade, a de encher unha eiva no seu mundo. Así como a xente maior está particularmente dotada para a narración oral e a xente nova para todo o que ten que ver coa imaxe, a escritura é algo para o que teñen especial dificultade.

O taller incluía dous tipos de docencia. No comezo estaba dirixido por un escritor profesional e unha vez que ían ‘facendo pulso’, como se di no argot dos escritores, pasaba a ser dirixido por un guionista de imaxe co que aprendían a solucionar os problemas de escritura cando o obxectivo final é pasar o texto a imaxe. O itinerario era partir da oralidade na que se recollían os primeiros materiais, pasar despois ao texto escrito (primeira redacción e guionado), para rematar na imaxe: a película previamente

tal. O nome de ORIMAX (oralidade-imaxe) que se lle deu ao proxecto non é máis que unha forma de reflectir este itinerario.

Como o obxectivo da película era presentar o mundo de antes visto pola xente nova desde unha posición o menos etnocéntrica posible, é dicir, asumindo o que este tiña de bo e criticando o que, despois de analízalo, lles parecía negativo, tomáronse como materiais narracións xa analizadas no taller de crítica literaria do tipo da do *Matapiollos*.

Partindo da valoración sexista que fixeran da historia en conxunto, o que se lles pediu foi reescribir a historia pero de forma politicamente correcta, iso si, mantendo unha tensión narrativa de calidade como acontecía no texto orixinal.

## FINAL DUNHA ETAPA E PRESENTACIÓN PÚBLICA DO PROXECTO

Chegados aquí pasaran case dous cursos desde que comezara o proxecto pero o ritmo de traballo dos talleres ía bastante lento, entre outras razóns porque unha boa parte de quen participaba na experiencia prefería participar practicamente en todo e non especializarse, o que ocasionaba serios problemas de horario. Por outra banda, desde o punto de vista pedagóxico, os que dirixían a experiencia estaban tamén moi a favor desta aposta pola visión de conxunto. O resultado era que, para rematar a película, faltaba, polo menos, un ano máis de traballo.

O problema de traballar coas emocións é que lles pasa como ás vellas máquinas de vapor dos trens: hai que estar continuamente botando carbón á caldeira se se quere que anden. Ao non poder sacar a película no tempo prometido, si pretendiamos, como era o caso na nosa unidade de saúde mental, que esa relación positiva entre os maiores e o resto da comunidade continuase, facíase preciso poñer en acción un novo equivalente funcional que mantivese a pulsión emotiva.

A solución que se atopou foi a seguinte. A mediados do segundo curso de vida do proxecto, iamos sendo conscientes da imposibilidade de rematalo para final de curso. Coa desculpa (totalmente verdadeira) de que na fase de documentación se fora acumulando unha inxente cantidade de material sobre a vida da comunidade nos vellos tempos que dificilmente ía ter cabida no guión da película, foi xurdindo a idea de que unha boa parte desas historias (que foran previamente transcritas das filmacións) podían

ser utilizadas para a elaboración dun libro que contase como foi a vida do municipio nos vellos tempos.

A norma fundamental da publicación sería a mesma que tiñamos establecida para a película: os únicos nomes que saírían do libro serían os das xentes do pobo que achegaran as historias e os rapaces e rapazas que as foran recollendo. A estrutura temática de libro tiña moito parecido coas historias de comunidade que se fan en antropoloxía: organización da economía, vida social tanto dentro como fora da familia e mundo simbólico e cognitivo do grupo social.

Coa axuda dunha pequena subvención fíxose unha pequena tirada numerada de tantos exemplares como nomes figuraban nel, isto é, os dos colectores e colectoras e os das persoas entrevistadas. O Día das Letras Galegas o colexio organizou unha xornada de portas abertas a toda a veciñanza do concello na que un escritor galego ben coñecido na comarca deu unha charla sobre a cultura tradicional galega e fixo a presentación do libro. Ao final repartiuse un exemplar por participante. Despois do acto, o alumnado fixo unha demostración de xogos e xoguetes tradicionais galegos e a continuación presentáronse as adaptacións á modernidade que fixeran os seis grupos premiados dos que xa se falou.

A sorpresa foi que aquel verán, cando empezaron a vir de vacacións emigrantes da zona e se foron decatando da historia do libro, todos e todas querían velo e, sobre todo, facerse cun exemplar, cousa bastante difícil porque ninguén que participara na experiencia estaba por se desfacer do seu. Unha pequena librería local veu nesta situación un pequeno nicho de negocio e, despois de solicitar permiso a autoras e autores, encargouse de facer a primeira edición venal do libro que, ao pouco tempo, foi seguida doutras dúas. O libro fora todo un éxito e, o que máis nos interesaba ao conxunto de membros da unidade mental, os maiores e a súa cultura comezábanse a ver con outros ollos.

## BIBLIOGRAFÍA

BASTIDE, R. (1998): *Antropología aplicada*, Bos Aires, Amorrortu Editores.

CANALS, J. (1994): «La reconstrucción imaginaria de la comunidad: consideraciones sobre un tópico de reformismo sanitario», *Jano*, nº 11-17, v. XLVI-nº 1073.

- COMAS D'ARGEMIR, D. (1992): «La antropología social frente al análisis de los problemas sociales en el propio contexto cultural», *Papers d'Antropologia*, nº. 3.
- DOGAN, M. / R. PAHRE (1989): «Campos híbridos en las Ciencias sociales: innovaciones en las intersecciones de las disciplinas», *Revista Internacional de Ciencias Sociales*, nº 120.
- GONDAR PORTASANY, M. (1993): «¿Salud para quién?: una reflexión sobre la asistencia sanitaria en Galicia», *Jano*, v. 45, nº 1058 (nov. 1993), p. 44-48.
- GONDAR PORTASANY, M. (1995): «Sabias e doctores, o conflito medicina oficial- medicina popular na Galiza non urbana», *Actas do II Coloquio de Antropoloxía: Centenario de Vicente Risco*, Santiago de Compostela, Museo do Pobo Galego, p. 137-204.
- GONDAR PORTASANY, M. (2004): *¿Qué é a Antropoloxía aplicada?*, Santiago de Compostela, Universidade.
- GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, E. (2000): «Psiquiatría y cultura: casos y cosas de los clínicos», en González, E.; Comelles, J. M. (comp.), *Psiquiatría transcultural*, Asociación Española de Neuropsiquiatría, p. 37-99.
- HELMAN, C. (2007): *Culture, Health and Illness*, Hodder Arnold Publication.
- PALENZUELA, P. (1993): «La antropología aplicada al desarrollo local», en *I Coloquio de Antropología para la Sociedad*, Instituto Aragonés de Antropología/Federación de Asociaciones de Antropología del Estado Español. (Mecanografiado).
- SAN ROMÁN, T. (1991): «Comentarios sobre un proyecto en curso», *Antropología de los pueblos de España*, Taurus Universitaria.
- STEPTOE, A. / A. SHANKAR / P. DEMAKAKOS / J. WARDLE (2013), *Social isolation, loneliness, and all-cause mortality in older men and women*, University of California.